

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA ELECTORAL DO CLUB ALPINO OURENSÁN-CLUB ALPINO MANZANEDA-2023, DE DATA VINTE DE FEBREIRO DE DOS MIL VEINTITRÉS

CONVOCADOS 3 membros:

Presidente:

Dona M^a del Carmen Conde Durán

Secretaria:

Dona Beatriz Rodríguez Sarmiento

Vogal:

Don Carlos Vázquez González

Secretario/a de actas: ---

En Ourense, sendo as VINTE horas e DEZ minutos do VINTECATRO de FEBREIRO de DOS MIL VINTETRÉS, reúnese a Xunta Electoral do Club Alpino Ourenseño-Club Alpino Manzaneda-2023, de conformidade co Calendario Electoral aprobado; na SEDE SOCIAL do clube, sita na Rúa Ervedelo nº 32-34, local 59 do "Centro Comercial Couto", CP 32002, da cidade de Ourense; estando presentes os tres compoñentes da Xunta Electoral á marxe sinalados; quedando válidamente constituída a mesma baixo a presidencia de Dna. M^a del Carmen Conde Durán e actuando como Secretaria Dona Beatriz Rodríguez Sarmiento, para tratar o asunto previsto no calendario electoral, cal é, a Proclamación Definitiva das Candidaturas á Presidencia do CAOU-CAM, e como consecuencia de

terse proclamado con carácter definitivo unha única candidatura, a non celebración da xornada de votacións e a proclamación provisional da nova Presidenta do clube.

Punto nº 1.- Proclamación Definitiva da única candidata á Presidencia do CAOU-CAM-2023.

Previa comprobación da inexistencia de reclamacións á Proclamación Provisional de Dona María del Mar Pallás Valleros como única candidata a Presidencia do CAOU-CAM do pasado día 15 febreiro e transcorrido o prazo de reclamacións de dous días hábiles, fixado no Regulamento Electoral, propónse acorda-la Proclamación Definitiva da única candidatura presentada.

Sometida a votación a proposta anterior, resulta aprobada co voto favorable da totalidade dos membros da Xunta Electoral, constituíndo o **Acordo Primeiro** da presente reunión.

Punto nº 2.- Non celebración do acto de votacións previsto para o día 24-02-2023.

De conformidade co previsto no artigo 9.5 do Regulamento Electoral do Club Alpino Ourenseño-Club Alpino Manzaneda, para os supostos de candidatura única, propónse acorda-la non celebración do acto de votacións, previsto no calendario electoral aprobado, para o vindeiro día 24 de febreiro de 2023.

Sometida a votación a proposta anterior, resulta aprobada co voto favorable da totalidade dos membros da Xunta Electoral, constituíndo o **Acordo Segundo** da presente reunión.

Punto nº 3.- Proclamación Provisional de novo Presidente.

Como consecuencia dos dous acordos anteriores, procede propoer a Proclamación Provisional de Dona María del Mar Pallás Valleros como nova Presidenta do Club Alpino Ourenseño-Club Alpino Manzaneda e abrir o prazo de dous días hábiles, para a presentación de reclamacións aos acordos da presente reunión.

Sometida a votación a proposta anterior, resulta aprobada na súa integridade, co voto favorable da totalidade dos membros da Xunta Electoral, constituíndo o **Acordo Terceiro** da presente reunión.

Punto nº 4.- Publicación dos Acordos anteriores.

Propónse a publicación dos acordos anteriores na páxina web do clube e no taboleiro de anuncios da sede do mesmo, así como a súa comunicación individual aos socios dos que se dispoña do seu correo electrónico, todo o cal se fará de xeito inmediato, unha vez rematada a presente reunión.

Sometida a votación a proposta anterior, resulta aprobada, co voto favorable da totalidade dos membros da Xunta Electoral, constituíndo o **Acordo Cuarto** da presente reunión.

Non habendo outros puntos que tratar, a Señora Secretaria finaliza a redacción desta **Acta**, procedendo a súa **lectura**, que sometida a votación resulta **aprobada** co voto favorable da totalidade dos presentes, constituíndo o **Acordo Quinto** da presente reunión da Xunta Electoral.

Seguidamente a Presidenta agradece a presenza de todos, da por concluída e levanta a sesión, sendo as **vinteunha horas** da data arriba indicada, quedando todos convocados para a seguinte reunión do día 24 febreiro, na que previsiblemente se proclame definitivamente á nova Presidenta do clube, o cual como Secretaria certifico, co visto bo da Señora Presidenta.

Vº Bº
A Presidenta,

Ado.: Dña. M^a del Camén Conde Durán.

A Secretaria,

Ado.: Dña. Beatriz Rodríguez Sarmiento.

Segue a sinatura do Vogal presente na reunión,

Asdo.: D. Carlos Vázquez González.